



Camiño de inverno

Etapa Chantada-Rodeiro

O Camiño de Inverno adéntrase na provincia de Pontevedra a través de Monte Faro onde que, con máis de 1000 metros de altitude e coroado pola ermida de Nosa Señora de O Faro, exerce de fronteira natural con Lugo. Neste tramo con case 13 km e dificultade notable, descendemos por pistas forestais en pendente ata a pequena aldea de Vilanova para continuar por unha vía local ata a aldea de Camba onde atopamos o Pazo de Camba ou Casa dos Churruchaos; construído na Alta Idade Media, con dúas monumentais chemineas do século XVIII e unha capela de orixe románico na honra de San Xoán.

O trazado nos leva polo val da Ermida ata Río, onde a arquitectura tradicional en pedra seca está patente nos muros dos camiños e os pendellos da secular feira de gando. Tomamos un sendeiro empedrado que nos leva ao lugar de Mouriz desde onde divisamos o núcleo de Rodeiro onde finalizamos a etapa cun merecido descanso degustando pratos tradicionais de caza ou queixos e embutidos caseiros e aproveitamos para coñecer a igrexa de San Vicente do século XII, o vello muíño ou o entorno histórico da Casa Consistorial.

Etapa Rodeiro-A Laxe

Iniciamos unha nova etapa máis accesible e cómoda que a anterior de case 28 km por vías locais asfaltadas e camiños tradicionais acompañados de bosque autóctono. Saímos de Rodeiro pola estrada comarcal cara a Fonte do Hospital, que nos lembra ao antigo hospital de peregrinos alí situado, para continuar acompañados polo río Arnego e o seu fermoso bosque de ribeira, polas aldeas de Penerbosa, Puza e A Penela.

O seguinte fito é a ponte de orixe románica, na parroquia de San Xíao de Pedroso, cuxa capela do século XIII merece a pena visitar como mostra do bo facer dos antigos mestres canteiros. Avanzamos polo núcleo da Ponte, tamén coñecido como Mesón, por ser un antigo lugar de hospedaxe, e polas aldeas de Val do Boi e Coto de Anta para chegar ao límite municipal con Lalín no Coto da



Mamuela; en honor á necrópole de mámoas nesta paraxe mitolóxica desde a que divisamos o monte Faro e Farelo.

Palmaz e Fontecova son as localidades que nos dan a benvida a Lalín onde temos parada obrigada na Capela de San Martiño, antigo mosteiro do século X con abade e abadesa. A capital do cocido permítenos descansar, abastecernos para continuar a ruta e facer turismo onde a igrexa parroquial de Nosa Señora das Doras, o monumento ao aviador Joaquín Loriga ou o museo municipal Ramón María Aller nos permiten coñecer esta vila cargada de historia e de saborosos pratos na hostalaría local, co cocido como protagonista.

Abandonamos Lalín pola senda do río Pontiñas entre centenarias carballeiras, pasando por Espiño coa moderna Capela de Fátima. Rematamos esta etapa en A Laxe onde podemos durmir no albergue e onde o camiño conflúe coa Vía da Prata.

Etapa A Laxe-Outeiro

Esta etapa de confluencia de 2 camiños, a Vía da Prata e o Camiño de inverno ten 33 km e dificultade media e transcorre por estradas e camiños tradicionais que nos permiten desfrutar da paisaxe do Deza e O Ulla. Desde A Laxe camiñamos ata Vilasoa para coller unha pista ata as aldeas de Prado e Borralla e avanzar polo camiño tradicional ata a ponte románica de Ponte Taboada, no río Deza, que separa Lalín de Silleda.

Ascendemos uns 5 km por camiño enlousado ata Taboada para seguir por Transfontao co pazo barroco e capela das familias Montenegro, Mosquera e Ojea. Chegamos a Silleda onde podemos descansar, mercar avituallamento, visitar a Igrexa neoclásica de Santa Eulalia ou mercar as rosquillas tradicionais.

Deixamos Silleda, pola senda de San Fiz, camiñando en lixeiro descenso ata a ponte medieval de Chapa, sobre o río Toxa, cunha fermosa paisaxe que nos acompaña ata Bandeira; vila que cada agosto celebra a Festa da Empanada, de interese turístico nacional.



Continuamos polo monumento a José Espiño, párroco local recoñecido pola gran labor a prol do camiño, para chegar ata Dornelas coa igrexa de San Martiño; exemplo sobresaínte do románico compostelán.

Avanzamos por camiños asfaltados á beira da estrada nacional 525 ata a parroquia de San Miguel de Castro, na Estrada, atopando a Capela das Angustias do século XVIII e a pouca distancia a ermida románica de San Miguel. Rematamos este tramo final visitando o miradoiro do Castro ou “Eira dos Mouros”, que nos despiden da provincia nun marco incomparable sobre o río Ulla.